

Texto publicado no número 1.206 do semanario *A Nosa Terra* na semana do 12 ao 18 de xaneiro de 2006.-

## **A televisión que merecemos**

Penso que non apporto nada novo se digo que a programación da nosa “canle autonómica” hai que collela con pinzas porque bota un cheiro que abafa. Agás cinco ou seis programas as máis das veces botados a horas intempestivas e varias series de produción propia elaboradas con moito acerto e moita profesionalidade, o resto é de xulgado de garda, por non dicir directamente de colector do lixo, un atentado contra o bo gusto e, o que é máis triste, contra a cultura e mesmo contra a lingua propias, un grave delito nunha Compañía creada para o seu fomento e mais a súa defensa. Realmente sigo sen comprender o que poden aportar ao país personaxes asiduos da casa do estilo de Isabel Pantoja ou El Fary, quizais máis interesantes nalgún documental sobre etnografía doutras terras que nun espazo que por desgraza os converte en protagonistas en detrimento de grandes artistas do país presentados como músicos de segunda.

Chegou o momento de darlle á Televisión Galega un bo lavado de imaxe para facer dela, de cara á cidadanía, un símbolo máis do novo país que está a forxarse, un elemento identificador do novo rumbo que disque está a tomar o goberno da Xunta.

Para comezar eu proporía un cambio de nome e tamén de logotipo. Hei recoñecer que sempre me molestou esa teima dos presentadores e directivos da Compañía en chamarlle “Televisión de Galicia”, cando ninguén, absolutamente ninguén, a coñece por ese nome. Se a xente a identifica como “*A Galega*” a que vén esa obstinación en chamala doutro xeito?

No que respecta ao logotipo vexo o cambio aínda máis necesario e urxente. Cumpre que desapareza dunha maldita vez esa gaivota coas ás abertas que tan horrenda semellanza garda co logotipo do PP e que fai pensar que seguen a dirixila os mesmos que ao longo de tantos anos se encargaron de manipulala con saña até convertela no que agora é: un obxecto decadente que sobrevive de costas á sociedade que paga o seu sustento.

A estas alturas dou por sentado que todos estamos de acordo en que a lingua non pode permitirse o luxo de seguir a perder falantes, polo que é necesario que se prime a programación de espazos que atraian á mocidade para lle facer ver a parte máis activa e innovadora da sociedade que lle tocou vivir: a cultura galega nos seus aspectos máis fértiles e máis dinámicos (teatro, música, audiovisual...). Cumpre producir programas que poidan competir no mundo da televisión internacional, elaborados con mestría non só para o consumo propio senón tamén para a súa exportación. Hai profesionais con solvencia abondo no país para poder darnos a coñecer polo mundo.

Para cando a produción de documentais sobre os personaxes máis senlleiros da nosa historia e a nosa literatura, que fuxan do enxebrismo e do folclorismo? Para cando espazos que saiban retratar o país dende todos os puntos de vista posíbeis (natureza, xeografía, cultura...) para que poidamos interpretar a nosa sociedade sen estarmos a tragar estereotipos? Para cando aproveitar o amplo abano de posibilidades que ofrecen a música en galego e a música galega para facer programas musicais de calidade?

Quizais sería unha boa idea a inauguración dunha segunda canle para primar nela unha programación máis cultural ca na primeira, dedicada maioritariamente a espazos de lecer e entretemento.

Á Televisión Galega sóbralle autocomplacencia, sóbralle “telegaita” (resesa versión dos “Coros y Danzas” franquistas e fraguistas). Sóbralle a misa dominical e as “gayosidades”. Sóbralle hiperenxebrismo. Sóbralle esa odiosa e continua relación establecida dende os comezos da súa andaina entre o máis rancio de nós mesmos e un mal entendido “sentir galego” que non é outra cousa que a morea de caspa baixo da cal quixeron facernos afogar. Sóbralle castrapo. Sóbralle “xente mona” que agacha a súa incompetencia para comunicarse nunha lingua correcta baixo varias capas de maquillaxe... A lingua non pode nin debe maquillarse e os medios de comunicación teñen a obriga de daren exemplo de corrección no seu uso. A Televisión Galega debería de intentar converterse nun signo de identidade máis aló das nosas fronteiras, un símbolo de unión entre todos os galegos espallados polo mundo, un motivo de orgullo para aqueles que están fóra, un xeito de exportarnos nós mesmos a todos os recunchos do planeta tirando proveito das oportunidades que brindan Internet e as comunicacións vía satélite.

A Televisión Galega ten que ser necesariamente un espello no que a imaxe do país real e cotián poida reflectirse con orgullo. Para cando un documental (ou un feixe deles) sobre o fenómeno de “*Nunca Más*” nunha emisora que aínda tiña que pedir desculpas polo tratamento que fixo dun dos temas que máis alarma causou na cidadanía galega nos últimos tempos? O día que iso aconteza pensarei por fin que o país mudou realmente, que o cambio é moito máis ca un mero espellismo e que collemos un novo rumbo para nos pór á altura dos tempos.

© Xesús Constela Doce, 2006